



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Publicación da aprobación inicial da ordenanza reguladora do servizo de préstamo de axudas técnicas asistenciais do Concello de Melide

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Melide en sesión ordinaria celebrada o día 4 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8. DITAME SOBRA A APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS ASISTENCIAIS DO CONCELLO DE MELIDE.

(...)PRIMEIRO: aprobar inicialmente a **Ordenanza reguladora do servizo de préstamo de axudas técnicas asistenciais do Concello de Melide**, que se transcribe como anexo a este documento.

SEGUNDO: someter á Ordenanza reguladora do servizo de préstamo de axudas técnicas asistenciais do Concello de Melide a información pública e audiencia dos interesados mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Melide, polo prazo de 30 días para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións, que estimen oportunas.

TERCEIRO: de non presentarse reclamación ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do concello do Concello de Melide e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO: ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada do expediente e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 que é o de 15 días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo de que dispoñen a Administración do Estado e o Departamento correspondente da Comunidade Autónoma para formular o requirimento por infracción do ordenamento xurídico.(...)"

Concello de Melide, 7 de febreiro de 2025. O alcalde, José Manuel Pérez Penas.

2025/855